



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR), PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DEDALEIRA, ESPECIALIZADO EN INFORMACIÓN E ASESORAMENTO AFECTIVO-SEXUAL PARA ÁS MULLERES CON DISCAPACIDADE E A SÚA CONTORNA

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece no seu artigo 3 que se delega na persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade a formalización de acordos e convenios en materias propias do seu ámbito competencial.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón como obxecto no seu artigo 1 a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, establecendo ademais no seu artigo 3 apartado d) que a violencia sexual é unha forma máis de violencia de xénero.





A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Cómpre sinalar que, segundo un estudo realizado a nivel mundial polas Nacións Unidas e publicado no ano 2010, o 80% das mulleres con discapacidade viven violencia e o risco dunha situación de abusos sexuais é catro veces maior que o da poboación xeral, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas.

Tendo en conta que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non están cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), constitúese como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega coa finalidade de ofertas servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres con discapacidade independentemente do lugar onde residan, tendo en conta sobre todo, as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

É membro da Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS) e do Consello Galego das Mulleres, desenvolvendo a Vicepresidencia Segunda. Tamén forma parte da Federación provincial de A CORUÑA da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de





COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS-COGAMI Ourense e Asociación de desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), manter o funcionamento do Servizo DEDALEIRA: servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual, destinado ás persoas con discapacidade, no que se inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a vivir situacións de abusos; de atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades, profesionais, institucións...), que inclúe unha unidade específica de detección e identificación de situacións contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

En base a isto creouse unha nova unidade específica que poida abordar as relacións desigualitarias co obxectivo de minimizalas, remodelando e reconducindo posibles condutas tóxicas a relacións sans: UNIDADE CO-RESPECTO, cuxas funcións serán as de deseñar, executar e avaliar de actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, sensibilización e prevención de situacións de violencia e/ou abuso, entre outras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

(P.D. Resolución do 08/06/2020, DOG núm.111 do 09/06/2020)

A directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Natalia Prieto Viso

